ACTA DA ASAMBLEA XERAL

No Pavillón da Universidade de Santiago de Compostela, sendo ás 10:00 horas do **domingo 07 de xuño de 2026**, reúnese a Asamblea Xeral da Federación Galega de Orientación (Fegado) en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecida e comunicado, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 7 dos seus 33 membros, todos eles representados en tempo e forma:

1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (4 de 23):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves) > Diego Fernández Sánchez		X
CDM Xesteiras (Pontevedra)		X
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	X	
A.D.C. Arnela (Porto do Son)		X
Gallaecia Raid (A Coruña) > Claudia Oreiro Chapela	X	
S.M. Ártabros (A Coruña) > Jorge Piñeiro Portela	X	
Fluvial de Lugo (Lugo)		X
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras)		X
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)		X
Aromón Pontevedra (Pontevedra) > Javier Alvelo	X	
Universidade de Vigo (Vigo)		X
VigoOrienta (Vigo)		X
A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)		X
Brigantia Aventura (A Coruña)		X
Club de Orientación Coruña (A Coruña)		X
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		X
Club O Pasatempo (Betanzos)		X
Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		X

Club SEO (Ordes)		X
Club USC (Santiago de Compostela)		X
Club Víchelas (Guitiriz)		X
Club Objetivo Trail (Pontevedra)		X
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)		X

2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (1 de 7):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta		X
Borja Varela Paz		X
Laura Garrido Martínez		X
Enrique Luis Álvarez Estévez	X	
Yolanda García González		X
David Lareo Martínez		X
Victoria López Permuy		X

3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (1 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	X	
Teresa Bellón Santos		X

4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (1 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez	X	
Candela Puime López		X

Federación Galega de Orientación (FEGADO)
Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17, Planta 2, Oficina 22
36209, Vigo – Pontevedra
Tlf. 696 459 544
E-mail: info@fegado.es

ORDE DO DÍA

1º.- Lectura e aprobación da acta anterior se procede.

A Presidenta dá a benvida ás persoas asistentes. A continuación procédese a votar a acta anterior da Asamblea Extraordinaria da Fegado do día 09/04/2026 sendo aprobada por unanimidade.

2º.- Información Presidencia

Toma a palabra a Presidenta da Federación para facer un pequeno resumo da Asamblea Fedo realizada o sábado 6 de xuño de 2026 indicando que en dita Asamblea se aprobou a realización de 3 probas nacionais (Campionatos de España) en Galicia que se disputarán ao longo do ano 2027. Indica tamén que na Asamblea da Fegado de decembro será preciso cambiar a nomenclatura de xuíz-controlador a xuíz-árbitro para que concorde deste xeito coa normativa estatal da Fedo. Continúa facendo un balance dos últimos 4 anos como Presidenta da Fegado indicando que se observa un descenso progresivo no número de licenzas anuais no deporte de Orientación o cal pode ser un dato preocupante, porén obsérvase un incremento no número de representación dos deportistas de orientación nas probas internacionais.
Considera que é importante a unión entre clubs de orientación para a organización de eventos deportivos relacionados coa orientación para que as probas neste deporte sexan máis frecuentes.
Finalmente a Presidenta agradece a todos os Clubs e persoas a asistencia ás Asambleas e tamén polo traballo realizado ao longo destes catro anos.

3º.- Aprobación das contas anuais do 2025.

Toma a palabra o Tesoureiro da Federación para facer un resumo do libro de contabilidade do ano 2025. A continuación intervén a Presidenta para indicar que xa se subsanaron os diferentes requerimentos da Secretaría Xeral do Deporte relacionado co estado de contas. Procédese á votación das contas anuais do 2025 sendo aprobadas por unanimidade.

4º.- Aprobación anual da memoria de actividades do 2025.

Toma a palabra a Presidenta da Federación para facer un resumo das diferentes actividades desenvolvidas pola Federación ao longo do ano 2025: resumo de probas autonómicas e nacionais, carteis, ranking, formación, etc. Procédese á votación da aprobación anual da memoria de actividades do ano 2025 sendo aprobada por unanimidade.

5º.- Propostas calendario 2027.

Toma a palabra Francisco Varela, como responsable da Fegado do calendario de probas, para facer un pequeno resumo das diferentes probas que enviaron os clubs para poder desenvolver ao longo do ano 2027. Incide que a ata ese momento moi poucos clubs da Fegado presentaron probas polo que o calendario está practicamente baleiro. En relación co calendario intervén Pablo Aller Estévez para solicitar á Asamblea a realización dun rogaining organizado polo club Our-O o 24 de outubro de 2026, non existindo ningún impedimento por parte da Asamblea para a realización da mesma.

6º.- Execución do presuposto 2026 (Xaneiro-Xuño).

Intervén o Tesoureiro da Federación para facer un resumo da execución dos orzamentos do 2026 ata o mes de maio. Concreta que en relación a ese orzamento existen dúas pequenas desviacións: en relación ao Xogade

estaba recollido un gasto de 2400 euros cando esta cantidade é de 2700 euros. En segundo lugar os Proxectos de Especial Relevancia (PER) contemplaban unha cuantía de 2800 euros cando realmente é de 2500 euros.

7º.- Eleccións 2026.

Intervén a Presidenta da Federación para lembrar os diferentes prazos das eleccións para a nova Asamblea da Fegado e indicando que a actual Xunta Directiva e a Asamblea quedarán disoltas a partir do día 9 de xuño de 2026.

8º.- Rogos e preguntas.

Intervén Pablo Aller para preguntar se a parte específica do curso de adestradores está contemplada rematarse este ano 2026, ao que a Presidenta indica que si, que se finalizará nos últimos meses do ano 2026.
Toma a palabra Francisco Varela para indicar que sería preciso unha formación específica na Fegado para os xuíces-controladores ao cal a Presidenta indica que recolle a súa demanda para valorala e de ser necesaria levala a cabo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión no lugar e data indicados, do que, como secretario, dou fe sendo as 11:40 horas do mesmo día 07 de xuño de 2026.

O secretario da Federación	VºBº A Presidenta
Roberto Amarelle Garabán	Sonia Gómez Naya

Asinado por: AMARELLE GARABAN ROBERTO - ***3895**
Data: 24/06/2026
Posto: Secretario da FEGADO

Firmado por 34898059K SONIA GOMEZ (R: G70381603),
el día 08/07/2026,
con un certificado emitido por AC Representación